

## Obxectivos

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU) é un ente público de natureza consorcial creado para o desenvolvemento en común, pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nesta, das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas competencias lle asignen os seus estatutos (Decreto 213/2007, do 31 de outubro).

O obxectivo destas xornadas é mellorar o coñecemento da APLU (obxectivos, prioridades e actividades realizadas) así como dar a coñecer as novidades e modificacións introducidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a súa incidencia no eido competencial dos concellos e da axencia, con especial referencia aos cambios producidos no solo rústico, no solo de núcleo rural e a súa incidencia na reposición da legalidade urbanística.

## Destinatarios

Alcaldes e concelleiros, secretarios municipais, persoal funcionario ou laboral dos concellos que desenvolvan funcións relacionadas co urbanismo, inspectores e subinspectores da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

## Director

Juan Raposo Arceo. Profesor titular da Universidade da Coruña.

## Inscripción

Ver DOG nº 10, do 17 de xaneiro de 2011.

## Información

<http://egap.xunta.es> | 981 546 241 / 881 997 014

xornadas sobre

# A PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA



8 de febreiro de 2011 | Santiago de Compostela  
15 de febreiro de 2011 | A Coruña  
22 de febreiro de 2011 | Lugo  
1 de marzo de 2011 | Ourense  
15 de marzo de 2011 | Pontevedra  
22 de marzo de 2011 | Vigo  
29 de marzo de 2011 | Ferrol

# Programación

**09:30** | Recollida de documentación.

**10:00** | Inauguración das xornadas.

Agustín Hernández Fernández de Rojas. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Pablo Figueroa Dorrego. Director da EGAP.

**10:30** | A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Natureza xurídica. Funcións. Integración dos concellos. Concellos adheridos. Colaboración institucional e competencias delegadas. Plan de Inspección 2011.

María Martínez Allegue. Directora da APLU.

**11:30** | Mecanismos de control previo: inspección e vixilancia. Usos e actividades permitidos, autorizables e prohibidos. Principais novidades introducidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

María Encarnación Rivas Díaz. Secretaria xeral de Ordenación de Territorio e Urbanismo.

**12:30** | Descanso.

**13:00** | Protección da legalidade urbanística: reposición da legalidade urbanística en obras sen licenza ou autorización autonómica consonte o disposto pola Lei 2/2010, do 25 de marzo.

Juan Jesús Raposo Arceo. Profesor titular da Universidade da Coruña.

**16:00** | Procedemento sancionador: infraccións e sancións, persoas responsables. Principais novidades introducidas pola Lei 2/2010, do 25 de marzo.

José María Domínguez Blanco. Subdirector da APLU.

**17:00** | Ilícitos penais: delitos sobre a ordenación do territorio. Deber de colaboración institucional.

Álvaro García Ortiz. Fiscal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

**18:00** | Mesa Redonda.



**8 de febreiro de 2011** | Santiago de Compostela  
salón de actos da Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa Madrid, 2-4.

**15 de febreiro de 2011** | A Coruña  
edificio administrativo de Monelos, praza Luís Seoane, s/n.

**22 de febreiro de 2011** | Lugo  
salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia,  
rolda da Muralla, 70, planta baixa.

**1 de marzo de 2011** | Ourense  
salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia,  
avenida da Habana, 79.

**15 de marzo de 2011** | Pontevedra  
salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia,  
rúa Fernández Ladreda, 43.

**22 de marzo de 2011** | Vigo  
salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia,  
rúa Concepción Arenal, 8, 2º andar.

**29 de marzo de 2011** | Ferrol  
edificio administrativo da Xunta de Galicia, praza Camilo José Cela, s/n.